

**ACTA Nº2 DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DUN MESTRE REPOBOACIÓNS FORESTAIS DO
“OBRADOIRO DE EMPREGO TORRE GOIÁNS IV- BOIRO”**

SESIÓN DO 29/11/2024

Presidente: Martín Blanco Buceta

Secretaria: María Mariño Poza

Vogal 1: Carmen Saavedra Pego

Vogal 2: Ángela Resúa Rodríguez

Vogal 3: Alberto García Sánchez

No salón de plenos da Casa Consistorial, sendo as 09:15 horas do 29/11/2024, reúnense os membros do tribunal designado para a selección dun mestre da especialidade de repoboacións forestais e tratamentos silvícolas AGAR0208 para o “Obradoiro de Emprego Torre de Goiáns IV-Boiro”.

O anuncio e bases da convocatoria foron publicadas no BOP da Coruña número 212 de data de 04/11/2024, na páxina web do concello www.boiro.gal, así coma no taboleiro correspondente do Servizo público de emprego.

O obxecto desta sesión é a resolución de posibles alegacións presentadas á valoración do currículo, outorga-las puntuacións definitivas e realizar a proposta de nomeamento.

1.- ALEGACIÓN PRESENTADA:

Consta unha alegación presentada pola candidata Natalia Buela Sampedro na que achega autobaremo de méritos e informa de vida laboral para completar a documentación xa aportada na instancia de solicitude a este proceso selectivo.

En relación aos cursos, só se valorarán aqueles cunha duración mínima de 20 horas lectivas debidamente acreditados e homologados, relacionados coas materias obxecto da convocatoria, impartidos polas administracións públicas, universidades públicas e/ou sindicatos dentro dos plans de formación para o emprego.

Así, unha vez revisada esta alegación, procede outorgarlle a seguinte puntuación: 0,05 puntos no apartado de titulación, 1,20 puntos no apartado de experiencia profesional en obradoiros e outros relacionados e 2,75 puntos en experiencia profesional fora do ámbito dos obradoiros e outros relacionados.

2.- PUNTUACIÓNS DEFINITIVAS:

O tribunal acorda por unanimidade outorgar as seguintes puntuacións finais, segundo se detalla a continuación por orde decrecente de puntuación total:

NOME	TIT. COMPL	EXP. OBRAD	EXP. SIMILAR	CURSOS	PUNTOS ENTREVISTA	TOTAL
EMILIO SABORIDO FERNÁNDEZ	0,15	2,1	3	0,6	6,2	12,05
NATALIA BUELA SAMPEDRO	0,05	1,2	2,75	0,2	4	8,2



ANA CRISTINA HERNANDEZ SANTOMÉ	1,25	0	0	0,3	2	3,55
JOSÉ ELADIO GARCIA PEDRERO	0	0	0	0,1	2	2,1

3.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN:

O tribunal acorda por unanimidade propoñer a contratación do candidato SANTIAGO LIÑEIRA CASAL como mestre da especialidade de repoboacións forestais e tratamentos silvícolas AGAR0208 para o "Obradoiro de Emprego Torre de Goiáns IV-Boiro".

Asemade se propón como suplentes ás seguintes persoas, en caso de ser necesario co seguinte orde:

NOME	TIT. COMPL	EXP. OBRAD	EXP. SIMILAR	CURSOS	PUNTOS ENTREVISTA	TOTAL
SANTIAGO LIÑEIRA CASAL	0	5	3	2	6,75	16,75
EMILIO SABORIDO FERNÁNDEZ	0,15	2,1	3	0,6	6,2	12,05
NATALIA BUELA SAMPEDRO	0,05	1,2	2,75	0,2	4	8,2
ANA CRISTINA HERNANDEZ SANTOMÉ	1,25	0	0	0,3	2	3,55
JOSÉ ELADIO GARCIA PEDRERO	0	0	0	0,1	2	2,1

4.- ESPECIFICACIÓNS DESTE PROCESO SELECTIVO:

Rematado este proceso de selección, o Concello de Boiro remitiralle o resultado á dirección territorial co obxecto de que esta verifique o cumprimento de todos os requisitos necesarios para participar no proxecto.

Se algunha das persoas candidatas propostas non cumprira os ditos requisitos, a dirección territorial comunicarllo a este concello para que poida substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

E non sendo máis os asuntos que tratar, dase por rematada a sesión cando son as 09:30 horas do día da data, do que eu, secretaria do tribunal dou fe.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Presidente: Martín Blanco Buceta

Secretaria: María Mariño Poza

Vogal 1: Carmen Saavedra Pego

Vogal 2: Ángela Resúa Rodríguez

Vogal 3: Alberto García Sánchez



